# E-Dixgal. A avaliación nos libros Netex Smart

# 1. Introdución

O obxectivo do seguinte manual é entender como se pode configurar a avaliación empregando os libros de texto dixitais da editorial Netex Smart. Para entender o proceso, crearemos primeiramente un curso, seguidamente ou ben configuramos a avaliación de forma manual ou ben importamos un curso ca avaliación xa configurada. E por último estudamos o caso do libros de Netex Smart. Vexamos o proceso paso a paso.

Netex

# 2. Creación dun curso

- Ir ao fondo da páxina principal e premer no botón "Engadir una nova materia"




- Engadimos nome completo e nome curso (o nome curto non pode coincidir con outro curso do evaformación)




- E clic en gardar e presentar
- Escollemos a materia (bloque na columna da dereita)



# 3. Matriculación dos usuarios




- Clic en Matricular usuarios




- Procuramos os alumnos segundo o código do curso, por exemplo: "c2002171", e seleccionamos os alumnos que consideremos
- Finalmente clic en Matricular usuarios




- Matriculamos 3 alumnos, por exemplo

# 4. Configuración da avaliación

Para simplificar este manual, importaremos ao curso unha copia dun curso en branco coa avaliación xa configurada.

- Descargamos a seguinte copia de seguridade:
  `https://blog.atio.es/sites/blog/files/inline-images/aval/avaliaci%C3%B3n.mbz`
- Clic en Restaurar




- Seleccionamos o ficheiro e clic en Restaurar




- Clic en continuar
- Baixamos ata atopar o seguinte cadro:




- Neste caso, a ao non ter configurada previamente a avaliación, escollemos a opción de "Fusionar a copia..."
- Clic en Continuar, e pasamos a seguinte páxina
- Clic en Seguinte
- Clic en Restaurar

**Restaurar**

No caso de que teñamos configurada previamente a avaliación, debemos facer unha copia dos contidos, restaurar o curso mestre onde teñamos a avaliación configurada, escollendo a opción eliminando os contidos do curso, e por último restaurar a primeira copia (a dos contidos), pero escollendo a opción fusionar.

- Se pinchamos en Cualificación >Máis >Modo avanzado, podemos visualizar a avaliación xa configurada







E visualizamos o libro de cualificacións:




**Restaurar**

Como non empregamos o configurador de avaliación, aparece o seguinte aviso



# 5. Inserimos un libro da Editorial

Netex ofrece dous tipos de formatos de libro de texto diferentes. Por unha banda, os libros scorm e por outra os de formato smart. Nesta práctica centrarémonos nos libros de formato smart. Procedemos a inserir un dos seus libros:

- Clic en Activar a edición




- Engadir seccións




- No EVA podemos inserir os libros de Netex Smart desde as lapelas superiores. Sen embargo, no caso do evaformacion, debemos de inserilos do seguinte modo:




- Seleccionamos Netex Smart



- Escollemos a materia, libro e unidade




- No apartado de Cualificación, configuramos a puntuación máxima a 10.




- Clic en Creación da actividade. E con isto acadaremos inserir a unidade.




## 6. Reconfiguramos a avaliación

Unha vez que inserimos unha unidade ou varias da editorial, debemos decidir se as temos en conta no proceso de avaliación, ou ben desexamos dispoñer da confirmación de que foron realizados os exercicios polo alumnado, pero non temos en conta o grao de consecución na resolución

- Accedemos ao libro de cualificacións. Clic en cualificacións >Máis >Modo Avanzado




- Se nos diriximos ao fondo do libro de cualificacións, podemos observar que aparecen todos os contidos




- Agora debemos decidir se a unidade didáctica a consideramos na nota.

- Por exemplo imaxinemos que o apartado de "Actividades finais" queremos telo en conta e concretamente queremos que pertenza á categoría de Traballo e actitude do primeiro trimestre.

  Sen embargo, coa configuración que cargamos por defecto, dispoñemos dun elemento de cualificación chamado Realización das Tarefas, e quizais, o mellor sería que este elemento de cualificación fose unha subcategoría, para introducir nel todas as actividades do curso. Vexamos como facelo:

  1. No final da páxina, clic en Engadir categoría.

     
     

  2. No nome da categoría, asignámoslle "1T Realización das tarefas"
  3. En Agregación podemos seleccionar Media de cualificacións
  4. No apartado de Total categoría establecemos a puntuación máxima como 10
  5. E en Categoría principal escollemos a categoría "Traballo e actitude 1t"
  6. Gardamos os cambios
  7. Agora procedemos a eliminar o elemento de cualificación (non a subcategoría que acabamos de crear)

     
     

     Para iso clic en Editar >Eliminar

8. Reconfiguramos o valor da subcategoría 1T Realización das tarefas, cun valor do 25 % da nota




- Seleccionamos a unidade "La magia de los números" e movémola á subcategoría 1T Realización das tarefas, que acabamos de crear nos pasos anteriores.




E na parte inferior escollemos "Traballo e actitude do primeiro trimestre"




# 7. Accedemos coas credenciais dun alumno

Accedemos coas credenciais dun alumno e cumprimentamos unha das tarefas da sección "Síntesis" que configuramos no apartado anterior.




- Dirixímonos á sección 1
- E dentro da mesma, dirixímonos ao apartado de "Al cierre"
- Baixamos ao apartado Avalíate e procedemos a responder todas as actividades

- Actividade 1

**6. Identifica cada ingrediente de los números naturales en 9 653 102.**

a. El 0 es la cifra de las D.
b. El 5 es la cifra de las DM.
c. El 9 es la cifra de las UMM.
d. El 6 es la cifra de las CM.
e. El 3 es la cifra de las UM.
f. El 2 es la cifra de las U.
g. El 1 es la cifra de las C.



*3 pendientes*

1/3

- Actividade 2. Neste caso, o alumno debe cumprimentar no caderno os exercicios, e arrastrar á dereita os resultados.

| | mayor | menor | igual |
|---|---|---|---|
| 40 117 es ... que 40 000 + 1000 + 100 + 10 + 7 | | ✓ | |
| 250 030 es ... que 2 CM + 5 UM + 3 D | ✓ | | |
| 87 200 es ... que 87 020 | ✓ | | |
| 150 350 es ... que 100 000 + 50 000 + 300 + 50 | | | ✓ |
| 100 000 + 50 000 + 300 + 50 es ... que 1 CM + 5 DM + 3 C + 5 D | | | ✓ |
| 1 CM + 5 DM + 3 C + 5 D es ... que 150 350 | | | ✓ |

*3 pendientes*

1/3 ¡Muy bien!

Como se aprecia na imaxe, neste caso, o alumno obtivo un 100 % de acertos e no primeiro intento

- Actividade 3. Neste caso o alumno falla ao responder. O sistema imprime o erro, pero non especifica en que pregunta fallou o

alumno ou alumna.




Os alumnos deben pinchar en Reintentar




Imaxinemos que o alumno esgotou os intentos, e pasa á pregunta seguinte

- Actividade 4




Como observamos, as actividades propostas son de tipoloxía diferente, unhas terá que resolvelas no caderno para poder afianzalas, e outras trabállanse conceptos matemáticos e tamén comprensión lectora.

- Actividade 5

10. **Selecciona la respuesta correcta.**

45 en números romanos se escribe:

- (●) XLV
- ( ) XXXXV
- ( ) LXV
- ( ) VXL

3 pendientes

¡Muy bien!

1/3

- Actividade 6.

11. **Selecciona la respuesta correcta.**

191 en números romanos se escribe:

- ( ) CLXXXXI
- ( ) IXCC
- ( ) CCXI
- (●) CXCI

3 pendientes

¡Muy bien!

1/3

- Actividade 7.

12. **Selecciona la respuesta correcta.**

1842 en números romanos se escribe:

- ( ) MCCMXLII
- (●) MDCCCXLII
- ( ) MDCCCXXXXII
- ( ) MDCCCVIIIL

3 pendientes

¡Muy bien!

1/3

- Actividade 8.




- Actividade 9. Neste caso o alumno falla no apartado b (fixarse nas comas que teñen cor vermella)



Reintenta e acerta




- En resumo, o alumno responde correctamente, agás na pregunta 3



# 8. O profesor analiza o resultado da avaliación

O docente accede á unidade "Los números naturales". O primeiro que pode visualizar é o número de alumnos que faltan por entregar o exercicio:




Neste exemplo, están matriculados tres alumnos no curso, pero só un deles fixo os exercicios, tal e como podemos apreciar no gráfico.

- Se pincha na icona do gráfico




- Pinchando en Resumo podemos ver que só o 33 % (un alumno de tres) fixo os exercicios. E ao facer un clic en "Mostrar detalle do alumnado", podemos apreciar os resultados de cada un dos rapaces:




E cun clic na icona Todos, tamén podemos seleccionar o alumno e visualizar as respostas.




E isto foi o que entregou o Alumno 1




- As preguntas de resposta aberta, como son as de reflexión que

aparecen no final da unidade, o docente debe de avalialas. Para isto, entra na actividadade e pincha no diagrama de barras:




- O docente selecciona o alumno




E engade a nota, que pode variar entre Moi mellorable, mellorable, aceptable, Ben e Excelente




- Unha vez que o profesor preme en Gardar avaliación, a barra pasa de ter unha cor morada a unha verde



Na imaxe superior, podemos apreciar que o docente corrixiu dúas actividades e faltan tres máis

- E pinchando na icona de cualificacións>Modo Avanzado




Accedemos ao libro de cualificacións. Para visualizar os resultados dos alumno, podemos ir ao Informe Cualificador ou a vista individual




- Seleccionamos o alumno que fixo entrega das actividades




- Na avaliación téñense en conta todas as actividades do libro, non só as do apartado avalíate. A medida que o alumnado faga todos os exercicios da unidade, a nota verase incrementada.

- Nos libros en formato scorm, só se ten en conta o apartado avalíate do apartado ”al cierre”.